



Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se aproba e pública a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en diversas especialidades do corpo de catedráticos de música e artes escénicas (593) e do corpo de profesores de artes plásticas e deseño (595) (código de procedemento ED003A)

Mediante Resolución do 16 de outubro de 2024, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia correspondente ás seguintes especialidades do corpo de catedráticos de música e artes escénicas (593) e do corpo de profesores de artes plásticas e deseño (595) (código de procedemento ED003A)

a) Corpo de catedráticos de música e artes escénicas (593)

CÓDIGO ESPECIALIDADE	DENOMINACIÓN ESPECIALIDADE
593001	Acordeón
593003	Arpa
593009	Clave
593014	Contrabaixo
593030	Fagot
593033	Etnomusicoloxía
593074	Trompa
593090	Gaita
593095	Instrumentos históricos de corda fretada
593102	Viola da gamba
593115	Produción e Xestión de Música e Artes Escénicas
593471	Jazz-saxofón
593472	Jazz-trompeta
593473	Jazz-trombón
593474	Jazz-batería
593475	Jazz-piano
593477	Jazz-guitarra

b) Corpo de profesores de artes plásticas e deseño (595)

CÓDIGO ESPECIALIDADE	DENOMINACIÓN ESPECIALIDADE
595503	Conservación e restauración de obras escultóricas
595504	Conservación e restauración de obras pictóricas





Logo de revisadas as solicitudes de participación, comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos e da nota media alegada polas persoas aspirantes na convocatoria para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas citadas especialidades, de acordo co disposto na base sétima da dita convocatoria procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas das listas de interinidades e substitucións e o baremo provisional nas especialidades indicadas e facelas públicas no portal da Internet desta consellería www.edu.xunta.gal.

En consecuencia, esta dirección xeral,

Resolve:

Primeiro. Aprobar e facer pública no portal da Internet da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e www.edu.xunta.gal a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas anteditas especialidades.

Segundo. Declarar, de xeito provisional, deserto o procedemento para as seguintes especialidades polos motivos que se describen:

a) non constar presentada ningunha solicitude de participación: No que atinxe ás especialidades de Arpa (593003), Clave (593009), Instrumentos históricos de corda fretada (593095) e Viola da gamba (593102) do corpo de catedráticos de música e artes escénicas (593).

b) non constar admitida ningunha solicitude de participación: No que atinxe á especialidade de Gaita (593090) do corpo de catedráticos de música e artes escénicas (593) e á especialidade Conservación e restauración de obras pictóricas (595504) do corpo de profesores de artes plásticas e deseño (595).

Terceiro. De acordo co disposto na base sétima da convocatoria pola que se acordou a apertura do procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións, as persoas interesadas poderán formular reclamacións contra a relación provisional de persoas excluídas e o baremo provisional, que presentarán obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo normalizado do procedemento ED003A, opción "Alegacións", accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED003A&ano=2020&numpub=1&lang=gl> no prazo de tres (3) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no portal de Internet da consellería.

Non se admitirán as alegacións que non sexan presentadas a través do procedemento indicado no parágrafo anterior.





Cuarto. A estimación ou desestimación das alegacións presentadas entenderase implícita nunha nova resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos que será publicada no portal www.edu.xunta.gal , pola que se aprobarán as listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas consonte co disposto na base oitava da convocatoria.

Quinto. Para o caso de que xurda a necesidade de cubrir interinidades ou substitucións con anterioridade á aprobación e publicación das listas definitivas, seguirase a orde de chamamentos establecida na lista provisional de conformidade coa base sétima da convocatoria.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

